



GRUPO MUNICIPAL  
POBRA DO CARAMIÑAL



CONCELLO DA  
POBRA DO CARAMIÑAL

17 ABR. 2017

Entrada nº:.....1687

Saída nº:.....

Ramiro Ouviaña Ouviaña, concelleiro e portavoz do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego neste concello, presenta para inclusión e debate na vindeira sesión plenaria a seguinte **MOCIÓN** relativa á creación de obradoiros de emprego xuvenil no noso concello

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 41,5% dos homes e mulleres menores de 25 anos non teñen traballo. Este sector da mocidade representa o 14,5% do total de persoas en paro en España, deshonoroso líder do paro xuvenil en toda Europa, aproximadamente 20 puntos por enriba da media europea.

Se miramos ao noso país, aínda sendo as cifras menores non deixan de ser terribéis, pois o ano 2016 rematou cun 26,5% dos homes e mulleres entre 16 e 29 anos en situación de desemprego. Cifras dende logo moi enganosas, pois non recolle o número de persoas da mesma franxa de idade que se viron obrigados a deixar o país. Ningunha destas cifras merecen o mínimo esforzo por parte do goberno do señor Feijoo, cuxa única saída para a xente nova é a emigración: Dende a súa chegada ao goberno da Xunta, saíron de Galiza cara a emigración máis de cen mil persoas entre 16 e 29 anos, de xeito que é a mocidade quen sofre máis intensa e brutalmente o axuste económico, como reconece o presidente do goberno galego cando sitúa entre 10 e 12 mil as mozas e mozos galegos que emigran cada ano.

Esta mocidade desaproveitada, que debера ser a columna sobre a que construír o país e o futuro, vese abocada a marchar provocando un duplo efecto ao perdermos poboación por dúas vías. Aquelas persoas que marchan e as crianzas que non terán aquí pois, en boa medida, os proxectos vitais están ligados aos laborais. Igual que acontece para as que fican no país. Para revertir este proceso é necesario garantir unha vida de calidade para todas as persoas. No concreto: un emprego en condicións de dignidade e servizos públicos cos que dar cobertura ás necesidades fundamentais.

Se ben a nosa mirada detense no noso país como obxectivo inmediato, a preocupación polas políticas activas contra o desemprego xuvenil están tamén presentes nos programas da UE, aínda que semella que non tanto nos planos do goberno do señor Feijoo que no período entre os anos 2014 e 2017 apenas gastou 5 dos 39 millóns de euros das partidas da UE para emprego xuvenil, atendendo só a 16.000 das 80.000 persoas beneficiarias do programa de Garantía Xuvenil da UE entre 2014 e 2015, agora ampliado a 2017.

O pasado día 10 o Diario Oficial de Galicia publicou as bases reguladoras das axudas e subvencións para o fomento do emprego entre as persoas incluídas no ficheiro do Sistema Nacional de garantía xuvenil.

Dun xeito resumido trátase de obradoiros de emprego promovidos por entidades locais, dirixidos a mellorar a empregabilidade de persoas de dezaioito ou máis anos incluídos no ficheiro antes mencionado.

Dado que se priman proxectos de sectores estratéxicos como os dos **produtos do mar e acuicultura**, e que se valorará a relación do proxecto co tecido empresarial da zona onde teña lugar o obradoiro, a convocatoria presenta características máis que acaídas ao noso concello.

Por todo o exposto e porque este grupo municipal xa ten presentadas iniciativas relacionadas co desemprego en xeral (abril 2016: Moción relativa a dotación de chan empresarial no concello da Pobra do Caramiñal, aprobada por maioría absoluta), e o xuvenil en particular (novembro 2015: Moción relativa á



**GRUPO MUNICIPAL  
POBRA DO CARAMIÑAL**

elaboración dun plan municipal de emprego destinado a frear a emigración xuvenil e á esixir da Xunta de Galicia medidas reais para a creación de emprego digno para a mocidade, aprobada por unanimidade) este concelleiro, en representación do Grupo Municipal do BNG, propón ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

### **ACORDO**

1. O goberno municipal tramitará en tempo e forma diante da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia a posta en marcha de obradoiros de emprego dirixidos especificamente a menores de 30 anos.

A Pobra do Caramiñal, 17 de abril de 2017

Ramiro Ouviaña Ouviaña

Concelleiro e Portavoz do G.M. do BNG-AA

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL.